

6-12-2015



A enciclopedia da Galicia rural

► Nava Castro leu o pregón nos actos inaugurais do belén electrónico de Begonte

C.P.R.

BEGONTE. Dende que San Francisco de Asís montase o primeiro belén hai 800 anos, foron moitos os nacementos que acadaron relevancia e entre eles, non podería faltar o electrónico de Begonte, unha «enciclopedia» do rural galego, un manual prodixioso no que cada conxunto de figuras é un capítulo da vida de Galicia, tal e como escribía Pepe Pol e lembrou onte no seu pregón inaugural a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro.

A pregoeira da cuadraxsésimo cuarta edición do Nadal en Begonte destacou o nacemento como un referente a manter e a potenciar, único polo seu arraigamento po-

pular, o seu valor cultural ou a súa creatividade, razóns todas elas que avalan que foise «de xustiza» que se declarase Festa de Interese Turístico de Galicia.

Castro destacou que datas tan sinaladas coma as do Nadal, «con paz, amor e xenerosidade no ambiente», servirán este ano ademais de preludio perfecto para a celebración do Xubileo Extraordinario da Misericordia e a apertura da Porta Santa, un fito que atraerá a Galicia numerosas peregrinacións.

E é a que a pregoeira non se esqueceu tampouco de que por Baamonde pasa o Camiño Norte, declarado Patrimonio da Humanidade, que no que vai de ano re-



Primeiro pase do belén e recital da coral, Nava Castro e público na igrexa. C. PÉREZ

cibiu uns 15.000 peregrinos, nin de moitas outras riquezas coas que contan Begonte, Lugo e Galicia.

Castro leu o pregón no decurso da tradicional misa que precede á apertura do belén, a cuxo remate ofreceu un recital de panxoliñas a

EL PROGRESO – A Chaira

6-12-2015



coral polifónico do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas, dirixida por Ángel Viro Caamaño.

Os primeiros pases do belén electrónico de Begonte sucederónse a continuación, ante a atenta mirada de pequenos e de maiores,

que tiveron a oportunidade de ver funcionar a nova figura elaborada por Eduardo López Calvo, profesor do Politécnico de Lugo, en lembranza de José Rodríguez Varela, ou o museo de pezas do belén que tamén leva o seu nome.